



IES
LEIRAS
PULPEIRO

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

I. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO LECTOR

O ensino-aprendizaxe da lectura asume tres funcións sociais:

1. Contribúe á integración e adaptación da persoas á sociedade.
2. Potencia a construción do coñecemento.
3. Permite o acceso á experiencia literaria e ao goce estético e ao desenvolvemento da conciencia crítica.

A pesar do relevante papel da lectura na sociedade actual, diversas análises puxeron de manifesto que o proceso de ensino-aprendizaxe da lectura é manifestamente mellorable.

A avaliación internacional levada a cabo pola OCDE, a través do informe PISA, puxo de manifesto a necesidade de mellorar os nosos resultados no que a competencia lectora se refire.

Por outra banda, as sucesivas leis de educación sitúannos ante a necesidade de abordar cambios fundamentais nos procesos de ensino-aprendizaxe da **competencia lectora**.

A Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio, modificada pola LOMCE (Lei Orgánica para a Mellorar da Calidade Educativa 8/2013 de 9 de decembro), propón a lectura como unha das liñas básicas da reforma educativa. No seu artigo 26.2 establece que na **Educación Secundaria Obrigatoria** “*a fin de promover o hábito de lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente desde todas as áreas.*” Así mesmo, esta Lei sinala como obxectivos do **Bacharelato**, *afianzar os hábitos de lectura* (artigo 33.d) e *desenvolver a sensibilidade literaria* (artigo 33.1).

Ademais, a citada Lei dedica o artigo 113 ás Bibliotecas Escolares. Nel establece que ditas bibliotecas contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe de todas as áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos.

O Decreto 133/2007, polo que se regulan os ensinos da ESO en Galicia, establece no seu artigo 5.5 que *“a lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán, na práctica docente de todas as materias, un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.”*

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o **Marco de referencia para as Bibliotecas Escolares** no que se definen como *“centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar . Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe [...] nunha dinámica aberta a toda a comunidade educativa.”*

Tendo en conta as mencionadas leis e a incidencia dos problemas de lectura (xa sexa de comprensión, de hábitos, ou de fluidez) no fracaso escolar, vémonos na obrigaón de mellorar o que vimos facendo, deseñando e desenvolvendo un minucioso Proxecto de Lectura no que intentaremos dar un protagonismo absoluto á Biblioteca Escolar como centro de recursos para a aprendizaxe e como ferramenta imprescindible para o descubrimento do gozo literario.

O **Proxecto Lector** que presentamos a continuación é un documento no que establecemos as liñas xerais para formar lectores competentes, elevando o nivel de comprensión lectora, e para crear, consolidar e aumentar o hábito lector do alumnado, a partir da análise da situación actual de lectura e escritura no noso centro.

Este proxecto céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo, sen esquecer a estreita relación que existe entre *ler* e outros procesos intelectuais complementarios como *escribir*, *falar* e *escoitar*, que posibilitan o desenvolvemento das competencias necesarias para a adquisición de aprendizaxe.

Contén as medidas encamiñadas a potenciar e desenvolver no alumnado as competencias necesarias para practicar habitualmente a lectura, gozar lendo e adquirir os coñecementos culturais e científicos de forma eficaz. Tamén inclúe o conxunto de estratexias para mellorar a competencia lectora e os criterios e instrumentos para avaliar o proceso lector.

II. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTURA E ESCRITURA NO NOSO CENTRO

2.1 Alumnado

O noso centro está situado nunha zona de clase social media-baixa da cidade de Lugo. Trátase dunha zona con escaso desenvolvemento económico e cultural o que repercute na pouca motivación e interese do alumnado e das súas familias pola lectura.

Na zona na que se ubica o instituto non hai ningunha Biblioteca, e o alumnado non adoita desprazarse ás outras Bibliotecas públicas de Lugo. Utiliza a Biblioteca do centro para levar as lecturas obrigatorias en préstamo, tanto de literatura castelá e galega como doutros idiomas.

A avalancha das novas tecnoloxías ao seu alcance (xogos interactivos, vídeo-xogos, Internet e as redes sociais etc.) fixo que o alumnado non considere a lectura como unha actividade que pode realizar durante o seu tempo de lecer, provocando que cada vez lle sexa máis difícil comprender un texto. A solución pode atoparse nas actuacións que presentamos neste Proxecto Lector e nun labor de equipo entre pais e educadores que deben motivalos para ler.

Competencias lectoras que domina o noso alumnado:

- Comprenden a información explícita dos textos e saben responder ás preguntas literais sobre os mesmos, sempre que estean localizadas nun fragmento do texto.
- Comprenden globalmente o texto: saben de que trata en liñas xerais, cal é a idea xeral e cales son os destinatarios do mesmo.

- Captan as características psicolóxicas dos personaxes, as calidades morais dos mesmos, a atmosfera e o ton emotivo dunha historia narrada, a condición de que sexan evidentes.
- Comprenden os textos nos seus aspectos máis literais e explícitos, sempre que non precisen de coñecementos previos complexos referidos ao coñecemento da vida ou de índole académica.

Competencias lectoras que non domina o noso alumnado:

- Atopan dificultades en lecturas que esixen profundidade e finura de pensamento.
- Teñen dificultade á hora de deducir, sen ningún tipo de axuda, a idea principal do texto, aínda que se se trata de identificala entre varias posibilidades, a dificultade diminúe.
- Teñen problemas para organizar xerárquicamente a información dun texto.
- Fallan en tarefas que lles esixe ter en conta información que aparece distribuída ao longo do texto, é dicir, que non está localizada nun punto do mesmo.
- Atopan dificultades cando teñen que relacionar información de dous textos diferentes para responder a pregunta exposta.
- Atopan dificultades cando a tarefa esixe a comprensión da estrutura do texto. Non saben identificar as partes, de que trata cada parte e a relación que gardan entre si as mesmas.

2.2 Análise da Biblioteca

A Biblioteca está situada nun extremo da planta principal do edificio, polo que a accesibilidade é boa, e ocupa unha superficie de 128,8 m². É un espazo luminoso distribuído en cinco zonas: **zona de administración e préstamo** (cun mostrador á entrada, dúas mesas de traballo con sendos ordenadores para catalogación e rexistro de usuarios e dúas impresoras), **zona informática** (unha mesa con cinco ordenadores portátiles para o alumnado conectados a internet e á intranet do centro), **zona de consulta e fondos bibliográficos** (30 andeis altos, 15 mobles baixos fixos e 4 móbiles), **zona de estudo** (12 mesas con capacidade para 36 persoas) e **zona de lectura informal** (7 sillóns). Como material accesorio, dispoñemos de pantalla e canón de proxección, e unha videoteca cada vez máis completa.

Contamos cun fondo bibliográfico de máis de 8000 exemplares e uns 500 rexistros en formato vídeo, CD, DVD, cassettes e diapositivas. A Biblioteca está subscrita a varias revistas e recibe diariamente varios exemplares de diversos xornais.

Tamén dispomos de pequenas Bibliotecas de Aula con dicionarios (de galego, castelán, inglés, francés, latín e grego), atlas e mapas murais. Nas aulas destinadas aos grupos do Programa de Diversificación Curricular dispoñen de material adicional (Enciclopedia do Estudante).

O labor técnico de organización e mantemento dos recursos documentais, actividades de fomento da lectura, préstamo... está a cargo dun **equipo estable** de profesoras e profesores, baixo a coordinación dun responsable da **Dinamización da Biblioteca**. Na actualidade, o proceso de catalogación e préstamo está informatizado, dado que a nosa biblioteca está integrada desde hai varios anos na Rede de Bibliotecas de Galicia, mediante o **Proxecto MEIGA**.

A Biblioteca permanece aberta no primeiro período de lecer (11:00-11:30 H.), baixo a supervisión de dous profesores de garda que velan, en todo momento, polo cumprimento das normas establecidas, e atenden o alumnado que utiliza a Biblioteca, facilitándolle o acceso as diferentes fontes de información e orientándoo sobre a súa utilización. No período de lecer, o alumnado que se achega á Biblioteca faino, fundamentalmente, para levar libros prestados para a súa casa ou devolver os que xa levou. O servizo de préstamo esténdese ó alumnado e ao persoal docente durante o verán.

III. OBXECTIVOS

O Proxecto Lector que presentamos neste documento pretende contribuír, significativamente, á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do noso centro. Para esta finalidade propómonos conseguir os seguintes obxectivos xerais:

- 1. Potenciar o desenvolvemento do hábito lector para apoiar a adquisición das competencias básicas desde todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificidades de cada unha delas.*
- 2. Mellorar no alumnado o desenvolvemento daquelas competencias, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e utilizar criticamente diversas fontes de información e documentación e diferentes tipos de textos, en distintos formatos e soportes.*
- 3. Estimular e desenvolver a necesidade e o pracer por ler, fomentando a creatividade e a imaxinación do alumnado mediante a práctica da lectura.*
- 4. Converter a Biblioteca escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.*
- 5. Facer da Biblioteca un lugar agradable e útil, coa finalidade de que se convirta nun centro de actividades culturais que sexa valorado e aproveitado polo alumnado e o profesorado de todas as áreas e materias.*

IV. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DA LECTURA

Para facer efectiva a consecución dos obxectivos anteriormente expostos, propónse as seguintes actuacións que se concretarán no Plan anual de Lectura.

4.1 Actividades de comprensión lectora específicas de cada área ou materia

Cada Departamento determinará na súa programación as cuestións relacionadas co tratamento da lectura, así como as actividades que se van levar a cabo en cada materia ou área para formar lectores competentes e desenvolver o hábito lector. Tamén especificará o tempo e o espazo en relación coa lectura e o uso concreto que se vai a facer da Biblioteca Escolar e das Bibliotecas de Aula.

4.2 Actividades de fomento da lectura

4.2.1 Fomentar a lectura desde o libro

a) Presentar libros

Sesións de presentación para provocar e motivar o alumnado cara a lecturas que lles poidan resultar atractivas. Hai que intentar contaxiar o alumnado o entusiasmo. Pódense presentar novidades, libros dun autor ou títulos relacionados cun tema de interese.

b) Seleccionar libros

- Elaborar guías de lectura ou listaxes de libros relacionados cunha data, unha conmemoración ou un tema concreto, para orientar o alumnado (*Boletíns de Biblioteca*).
 - Elixir un tema e expoñer temporalmente na Biblioteca os libros relacionados.
- c) Falar de libros
- Club de lectura *Lecturas Leirantes*: periodicamente reúnese, para falar das súas lecturas, un grupo de alumnos e profesores.
 - Visitas de autores, xornalistas, ilustradores...
- d) Relación de lecturas anuais programadas por áreas
- Obrigatorias
 - Complementarias guiadas
 - Suxeridas

4.2.2 Fomentar a lectura desde a oralidade

a) Narrar historias coa voz

Lecturas realizadas por alumnos, profesores ou un contacontos

b) Narrar historias coa imaxe

Proxección de películas e observación de diapositivas, fotografías ou ilustracións que potenciarán a súa sensibilidade artística.

c) Recitais de poesía

4.2.3 Fomentar a lectura desde a escritura

Favorecerase a creación literaria espontánea e creativa do alumnado. Na medida en que escriban e se sintan valorados polos seus compañeiros e polos seus adultos significativos, sentirán maiores desexos de ler as producións dos demais, tanto as dos seus iguais como, nun momento posterior, as de autores descoñecidos.

Para iso animarase ó alumnado a participar en:

- a) A “visita” e redacción de comentarios sobre as lecturas, exposicións, actividades... que desde a biblioteca se publican no no Blog ***Biblioleiras***.
- b) Os concursos de creación literaria: contos, relatos ou poesía.
- c) O concurso “El País de los estudiantes”.

4.2.4 Fomentar a lectura mediante a dinamización da Biblioteca

A Biblioteca como espazo no que se centralizan os fondos documentais do centro e como eixo sobre o que xira o desenvolvemento do proceso curricular deberá:

- Favorecer o préstamo
- Aumentar os fondos de forma equilibrada
- Actualizar a catalogación
- Facer expurgo de material innecesario ou desfasado
- Estar aberto a toda a comunidade educativa

Para moverse con fluidez entre os distintos tipos de materiais e recursos que ofrece a Biblioteca, é necesario desenvolver unha serie de habilidades básicas. Con esta finalidade a Biblioteca deseñará programas de **formación de usuarios e colaboradores** cos seguintes obxectivos:

- Coñecer o espazo bibliotecario, as normas de funcionamento e os servizos que proporciona
- Aprender a buscar e localizar os documentos
- Coñecer as fontes de información e os diferentes formatos e soportes
- Aprender como usar os documentos

Potenciarase o uso da Biblioteca como lugar de goce, investigación, documentación e consulta, adoptando as seguintes medidas:

- Para integrar a Biblioteca nos procesos de ensino e aprendizaxe e contribuír á adquisición de aprendizaxes autónomas, estableceranse períodos de acceso á Biblioteca para o alumnado, guiado polo profesorado, fóra do horario habitual do recreo. Para iso farase un horario de visita á Biblioteca por Departamentos.
- Para potenciar a lectura individual, converteremos a Biblioteca nun lugar máis atractivo para os lectores mediante o deseño de murais nos que a fantasía sexa o elemento principal. Tamén se creará un recuncho da lectura cun conxunto de libros, que non serán obxecto de préstamo.
- Fomentarase o *Hoxe veño falar do meu libro favorito* (alumnos, pais, profesores, outras personalidades).
- A biblioteca converterase con asiduidade nun lugar no que se realicen exposicións temporais que inclúan traballos realizados polo alumnado.

A Biblioteca dispón do **Blog *Biblioleiras***, un espazo para falar de libros: propoñer lecturas, criticar lecturas, crear un lista dos máis

lidos, publicar reseñas, contos, poemas, presentar e publicitar as diferentes actividades que se desenvolven desde a biblioteca, etc.

4.2.5 Fomentar a lectura desde a elaboración de proxectos documentais

O alumnado investiga sobre un tema e familiarízase cos mecanismos de procura de información e traballo intelectual, empregando para iso os recursos documentais da Biblioteca Escolar.

O proceso de elaboración dun proxecto documental supón:

- Delimitar o tema
- Buscar en fontes de información
- Seleccionar documentos
- Obter a información, tomar notas
- Analizar a información recollida
- Reelaborar a información obtida e redactar o traballo final seguindo un plan previo
- Presentar o traballo de acordo cunhas normas básicas: organizar a información con referencias e citas bibliográficas e utilizando as TIC

4.2.6 Fomentar a lectura con actividades extraordinarias

- a) Xogos-concursos nos que sexa necesario ler para a realización dos mesmos: pasapalabra, encrucillados, o tempo é ouro, xogos de pistas... (premio: un pen, unha viaxe a un lugar que teña que ver coa lectura...)
- b) Asistencia a representacións teatrais
- c) Visitas a xornais, librerías, bibliotecas, arquivos, exposicións

d) Día Internacional do Libro e Día das Letras Galegas

- Exposición de libros: a Biblioteca sae aos corredores mostrando os libros adquiridos para o curso
- Ambientación de clases, paneis e corredores, con motivos relacionados co libro (homenaxe a obras, a escritores con motivo dun centenario...)
- Anuncios ou mensaxes invitando a ler. Fotos do alumnado ou profesorado en actitude lectora
- Recrear un poema a través de debuxos ou recreacións literarias
- Lectura de creacións literarias do alumnado
- Ilustrar un libro
- Representación e recitado de poemas

e) Campaña de animación á lectura

f) Viaxes culturais relacionadas coa lectura

4.2.7 Fomentar a lectura coa “**hora de ler**”

Nalgúns grupos da **ESO** (especialmente 1º) queremos dedicar unha hora semanal á lectura libre e silenciosa dentro do horario lectivo do alumnado. Para isto, o equipo de Dinamización da Biblioteca, deseñará un **calendario rotatorio de lectura** para tal fin, cun reparto proporcional de materias e horas.

Cada aula terá o **horario** onde constará a hora de ler. O alumnado ten que levar, xunto co resto do material, o libro de lectura á aula que lle corresponda tanto si é un desdobre, un laboratorio, a aula de informática ou o ximnasio. Os períodos de garda tamén poden ser utilizados para potenciar esta práctica.

Desde a Biblioteca se fará unha selección, o máis ampla e variada posible (textos literarios, divulgativos, lúdicos, periodísticos...) entre os libros dispoñibles dos fondos da mesma e a elección de textos será libre por parte do alumnado, responsabilizándose do préstamo. Para esta finalidade haberá que aumentar os fondos situados nas bibliotecas de aula ou prestar desde a biblioteca un lote de libros que irá rotando polas aulas. De forma excepcional, o alumnado poderá traer da súa casa os seus propios libros. Traballarase preferiblemente a lectura individual e silenciosa, aínda que tamén se permitirán as lecturas en voz alta e dirixidas polo profesorado que así o decida.

Elaboraremos unha **folia de rexistro** onde recoller os nomes dos lectores e os libros elixidos. Alí apuntarán cando empezan a lelos e cando rematan, e unha pequena valoración concretada nunha puntuación en un comentario.

Durante a hora de ler sería conveniente que o profesorado tamén lese para reforzar a través do seu propio hábito de lectura o ambiente lector do centro.

V. ESTRATEXIAS COMÚNS PARA MELLORAR A COMPREENSIÓN LECTORA

A comprensión lectora é o proceso mediante o cal o lector establece relacións interactivas co contido da lectura, vincula as ideas con outras anteriores, contrástaas, arguméntaas e logo saca conclusións persoais.

É necesario ensinar estratexias de comprensión lectora porque queremos:

- Facer lectores autónomos, capaces de enfrontarse de xeito intelixente a textos de moi diferente índole.
- Conseguir que os nosos alumnos se convertan en construtores de significado, en lugar de lectores pasivos de textos que transfiren unicamente a información.
- Contribuír a dotar o alumnado dos recursos necesarios para aprender.

As tarefas de lectura compartida serán a ocasión para que o alumnado aprenda e use as seguintes estratexias para comprender os textos.

5.1 Estratexias referidas ao proceso lector

1. Antes da lectura

- Botar unha ollada sobre o texto e realizar unha lectura rápida para identificar os puntos máis importantes e planificar a lectura
- Determinar os obxectivos da lectura (*Para que vou ler?*)
 - Ler para recuperar información
 - Ler para seguir instrucións
 - Ler para captar o sentido global do texto
 - Ler para interpretar e reelaborar o contido do texto de forma oral ou escrita

- Ler para reflexionar sobre a forma e o contido
 - Ler para aprender
 - Ler simplemente polo pracer de ler
- Activar os coñecementos previos. A información nova apréndese e recórdase mellor cando se integra co coñecemento relevante previamente adquirido o cos esquemas existentes (*Que sei deste texto?*)
 - Formular hipótese a partir do título, das imaxes ou da lectura rápida e facer predicións sobre o texto (*De que trata este texto? Que me di a súa estrutura?*)
2. Durante a lectura
- Formular preguntas sobre o lido
 - Aclarar dúbidas
 - Inferir o significado dunha palabra polo contexto
 - Buscar no dicionario
 - Verificación e reformulación de hipóteses
 - Reler partes confusas
 - Crear imaxes mentais para visualizar descrições vagas
 - Resumir o texto
3. Logo da lectura
- Identificar a idea principal do accesorio
 - Facer resumos de forma oral e/ou escrita
 - Identificar a estrutura do texto
 - Utilizar técnicas de organización do texto (esquemas, mapas conceptuais) para comprender o contido do texto, reelaboralo, adaptalo aos esquemas persoais e elaborar informes escritos.
 - Formular e responder preguntas
 - Relacionar o lido con outros temas ou coñecementos
 - Opinar, comentar, falar e escribir sobre o que se le

5.2 Estratexias utilizadas en traballos de investigación e proxectos documentais integrados

Traballar en proxectos documentais integrados é unha estratexia metodolóxica que forma parte das denominadas metodoloxías activas de aprendizaxe que axuda a que o alumnado mellore a comprensión lectora, adquira procedementos para aprender de modo autónomo, promove a integración das áreas curriculares e fomenta o exercicio do pensamento crítico, analítico e reflexivo en base ao traballo cooperativo.

Para elaborar un proxecto documental integrado ou realizar un traballo de investigación nunha materia concreta han de terse en conta as seguintes fases:

- Delimitación do tema (sinalar fontes de información e posibles actividades; vincular o tema cos obxectivos e contidos do currículo oficial; definir os grupos de traballo).
- Procura das fontes e recursos (oral, escrita, audiovisual, gráfica, por Internet, en casa, na biblioteca pública, na biblioteca escolar...) que estea ao noso alcance.
- Seleccionar os documentos e ler a información. Faremos unha clasificación da información por medio dunha lectura rápida da mesma. Identificamos os contidos pertinentes e faremos unha lectura máis atenta para ir reestruturando, se fose preciso, o índice provisional.
- Procesar a información. Lese máis a fondo, analízase a información. Esquematizar e sintetizar
- Reelaborar a información.
- Presentar a información con apoio visual e gráfico, citando correctamente as fontes bibliográficas.
- Expor un contido oralmente seguindo un plan sistemático.

5.3 Outras estratexias

1. Ler os libros de texto

Ensinar a ler e desentrañar os libros de texto é dotar o alumnado dunha ferramenta privilexiada para aprender a aprender. Os textos dos manuais escolares son textos expositivos cuxa estrutura é necesario ler e analizar co alumnado.

2. Incluír textos con temática de área

A inclusión de textos con temática da área é unha boa ferramenta de traballo para mellorar as competencias implicadas na lectura. Procurarase incorporar un texto en dous momentos:

- a) Ao comezo dunha unidade didáctica, como motivación
- b) Unha vez finalizada a mesma, co fin de aplicar os coñecementos adquiridos

3. Tomar notas no caderno

O caderno de clase é unha práctica interesante para mellorar procesos relacionados coa lectura e a escritura. O hábito de realizar as actividades propias da materia, tomar apuntes e ordenalos, facer esquemas, etc. no caderno, desenvolve hábitos de orde, de traballo e de síntese.

O caderno incluírá o vocabulario da área. Elaborar definicións precisas dos termos máis significativos de cada área serve para que o alumnado aumente o seu vocabulario científico, técnico e cultural.

O profesorado comprobará con regularidade os cadernos dos seus alumnos e teraos en conta na avaliación da materia.

VI. AVALIACIÓN

A valoración do Proxecto Lector ha de ser continua, a partir da observación permanente e reflexiva, reaxustando obxectivos, medidas e recursos ás necesidades do alumnado.

A avaliación ha de permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos con obxecto de mellorar o Proxecto Lector e proporcionar datos para adoptar medidas correctoras.

O centro redactará ao final de cada curso escolar un **informe de autoavaliación** que incluíra os seguintes aspectos:

- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora.
- O relato do desenvolvemento das experiencias propostas no Plan Anual de Lectura.
- A análise da Biblioteca: fondos e equipamento, estatística dos servizos bibliotecarios, a súa integración e utilización na práctica ensino-aprendizaxe e valoración das actividades de educación documental e de fomento da lectura realizadas.
- As propostas de mellora, se as houberse, que se incorporarán na Programación Xeral Anual do próximo curso.

Para avaliar o progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora aplicaremos os seguintes **criterios de avaliación**:

- Le en voz alta coa entonación e pronuncia adecuadas
- Usa adecuadamente e de forma habitual o dicionario
- Deduce o significado de palabras e expresións a partir do contexto
- Recoñece a intención e propósito dun texto
- Identifica o tema, a estrutura e as ideas principais
- Elabora resumos e esquemas dos textos que le
- Identifica as informacións explícitas e deduce as implícitas
- Le textos de tipoloxía diversa
- Recoñece recursos lingüísticos e os conectores que organizan o texto
- Implícase activamente na lectura e escolle as súas propias lecturas
- Valora a lectura como forma de entretemento e enriquecemento persoal
- Le textos literarios e valora a creación literaria e os seus recursos estilísticos
- Recorre a fontes de documentación como hemerotecas, Internet...

Para obter unha información o máis completa e obxectiva do alumnado utilizaremos un abano o máis amplo posible de **instrumentos de avaliación**:

- Observación de diarios de lectura e cadernos. Cada profesor rexistra o progreso de cada alumno na comprensión lectora mediante o traballo diario no aula.
- Probas escritas ou orais: resumos, exposicións orais, cuestionarios sobre aspectos concretos, tests de respostas múltiples, elixir entre verdadeiro ou falso, ordenar un texto, buscar a idea principal, establecer a estrutura, definir vocabulario.
- As tarefas de lectura compartida poden ser utilizadas polo profesorado para proceder á avaliación formativa da lectura do alumnado e do

proceso mesmo, constitúen a ocasión para que o alumnado comprenda e use as estratexias que lle son útiles para comprender os textos.

- Conversacións informais sobre os libros lidos.
- Autoavaliación do alumnado: implicar o alumnado na avaliación para analizar conxuntamente as súas dificultades concretas.
- Blog e sitios web: comentarios dos libros e as actividades de dinamización de lectura.
- Participación en clubs de lectura e actividades promovidas pola Biblioteca.